

DECRETO CONVOCATORIA XGL - EXP. Nº: 2026/G005/000038.

Excma. Sra. alcaldesa presidenta do Excmo. Concello de Lugo, D.^a MARÍA ELENA CANDIA LÓPEZ.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión **extraordinaria** da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no Salón de Comisións da Casa Consistorial, praza Maior s/n) o vindeiro **venres**, día **21 de agosto de 2026, ás 9.30 horas**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA, MEDIO AMBIENTE, XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS HUMANOS, SEGURIDADE, DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIOAIS

PERSOAL

1. APROBACIÓN DO PROXECTO DE REGULAMENTO DA CARREIRA PROFESIONAL HORIZONTAL E DA AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO DO PERSOAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, na Secretaría Xeral.

Ao abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión á titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e ao interventor xeral municipal. Así mesmo, ao abeiro do disposto no artigo 16.6 do ROMGA, convóquese á concelleira dona María Reigosa Castro.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola alcaldesa presidenta, dona María Elena Candia López.